



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

BASES QUE REXERÁN O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BRIGADA DE TRABALLOS FORESTAIOS E DO MEDIO

Primeira. Obxecto da convocatoria.

1. O obxecto destas bases é convocar, por motivos de necesidade e urxencia, un proceso de selección para a contratación por este concello 3 TRABALLADORES FORESTAIOS para a creación dunha brigada de traballos forestais e do medio.
2. A xustificación da urxencia baséase na data límite do 15 de xuño de 2022 para a contratación da brigada segundo a resolución do expediente TR351G 2022/56-3 da Consellería de Emprego e Igualdade
3. O contrato laboral que se subskribirá será na modalidade de traballo de duración determinada, regulado no artigo 2 do Real decreto lexislativo 36/2020, do 30 de decembro.
4. Funcións: realización de traballos forestais e do medio no ámbito territorial do Concello de Monterrei.

Segunda. Prazas que se convocan.

As prazas obxecto desta convocatoria son as seguintes:

-3 TRABALLADORES FORESTAIOS:

- Contrato laboral:** obra ou servizo determinado.
- Xornada laboral:** 100%.
- Duración:** 9 meses.
- Retribución:** 1166,67 (todos os conceptos salariais incluídos)

Terceira. Condicións e requisitos dos aspirantes.

Os aspirantes que tomarán parte no proceso de selección deberán reunir, na data na que remate o prazo concedido para a presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, así como estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o correcto desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.



Cod. Validación: 35ZZEDEJNDEAHDTQNQ5HMHYQI Corrección: https://monterrei.es/selectiona.es/ Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.es Público | Páxina 1 a 7



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

d) Estar inscrito/a como desempregado/a e sen actividade no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Cuarta. Baremos de selección.

FASE DE CONCURSO

Os méritos que se valorarán son os seguintes. (máximo 8 puntos):

1. Mulleres:

- En xeral..... 1 punto.
- Vítimas de violencia de xénero..... 1 punto.

2. Idade:

- 18-29 anos..... 1 punto. (sin cualificación profesional ou demandante do primeiro emprego +0,5)
- 45 ou mais anos..... 1 punto.

3. Discapacidade:

- Minusvalía > 33%..... 1 punto.

4. Protección por desempleo:

- Non percibir prestación ou subsidio..... 1 punto.

5. Parados de larga duración:

- Máis de 12 meses..... 1 punto.

6. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.


- Perceptores da RISGA e outros colectivos..... 1 punto.

7. Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuge, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiotes incapacitadas ou menores en acollemento..... 0,50 puntos.

FASE DE OPOSICIÓN

Exame teórico-práctico: máximo 12 puntos.

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver:





CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

- 1) Coñecemento do Concello de Monterrei.
- 2) Prevención de riscos laborais no sector forestal.
- 3) Uso de ferramentas no sector forestal: motoserra e rozadoira
 - Eliminatorio, mínimo 6 puntos.

Quinta. Forma e prazo da presentación de solicitudes.


1. Con carácter previo realizarase unha preselección de candidatos/as mediante chamamento ao Servizo Galego de Colocación:

- a) O Concello de Monterrei presentará oferta xenérica de emprego no Servizo Galego de Colocación de Verín, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os/as aspirantes que se contratarán, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade, e facendo constar a categoría profesional/posto que se desenvolverá.
- b) A categoría profesional e a seguinte:
 - ***Traballador forestal.***
- c) Este será o perfil profesional que deberá ser requerido e incorporado no momento de presentar a oferta xenérica de emprego no Servizo galego de Colocación de Verín, e que será obxecto de valoración, para os efectos da selección do/a candidato/a, segundo os criterios fixados na base cuarta, que, en ningún caso, poderán conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e á marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar este proceso.

2. Unha vez remitida ao Concello de Monterrei, por parte do Servizo Galego de Colocación de Verín, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, por resolución da Alcaldía aprobarase a relación como lista definitiva de admitidos ao concurso. A mesma resolución do alcalde conterá a composición do tribunal, o lugar, data e hora da proba.

A lista fixarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Monterrei (www.monterrei.es), concedéndose un prazo de tres días hábiles para a presentación de instancias no rexistro xeral do Concello de Monterrei e acompañen á solicitude **-Anexo I-**, a documentación relativa tanto dos requisitos como da documentación que reúnan para que poidan ser valorados polo tribunal de selección. Tamén poden presentar esta documentación na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, neste caso será necesario comunicar a súa remisión vía fax ao Concello. O dito fax deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes pois, noutro caso, non serán admitidas (fax do concello: 988425700).

3. As solicitudes (Anexo I) irán acompañadas da documentación necesaria para a súa valoración, e máis en concreto a seguinte:





CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

- a) Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- c) Documentación xustificativa dos baremos establecidos nas bases (mediante orixinais ou copias cotexadas), significándose que non se valorarán aqueles puntos que o tribunal considere que non estiveran suficientemente acreditados. Asemade, non se terán en conta aqueles documentos presentados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.
- d) Declaración xurada de cumplir cos requisitos necesarios para contratar coa Administración pública, así como de non estar incuso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente (**Anexo II**).
- e) Declaración xurada de cumplir cos requisitos da responsabilidade familiar, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuge, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

4. Estas bases publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Monterrei e na páxina web do Concello de Monterrei (www.monterrei.es).

5. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Sexta. Tribunal de selección.

1. Para os efectos de avaliar os méritos acreditados, constituirase un tribunal de selección que estará formado por tres (3) membros, integrado por un presidente, dous vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionarios de carreira ou persoal laboral de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica.

3. Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

4. O tribunal está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

5. O tribunal non poderá constituirse nin actuar validamente, sen asistencia do presidente e secretario/a e como mínimo un vogal, titular ou suplente. As decisións adoptaranse por mayoría de votos dos asistentes.

6. O réxime xurídico aplicable ao tribunal de selección será o que se establece para os órganos colexiados no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuase o seu nomeamento, cando concorran neles algunas das causas previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétima. Resolución da convocatoria e contratacións.

1. Unha vez concluído o proceso de selección, o tribunal publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello (www.monterrei.es) a relación de candidatos propostos para o nomeamento, pola orde de puntuación acadada e con indicación da cualificación obtida.

2. De acordo coa relación, elevarase ao alcalde, ademáis da acta da sesión, a devandita proposta de nomeamento dos aspirantes aprobados, e o alcalde nomeará os aspirantes seleccionados, e efectuarase a formalización do correspondente contrato laboral.

3. En ningún caso o tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

4. Cos aspirantes que superasen as probas farase unha listaxe por orde de puntuación que no suposto de renuncia dalgún dos traballadores contratados con anterioridade á finalización do servizo, substituirase polo traballador de similares características seguinte na lista.

5. Para efectuar esta proposta, o tribunal de selección poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

Oitava. Recursos.

Estas bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O alcalde

José Luis Suárez Martínez

*Documento asinado o marxe dixitalmente.





CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

ANEXO I: Modelo de instancia

NOME E APELIDOS _____

DNI _____ DATA NACEMENTO _____

R/ _____

LOCALIDADE _____

PROVINCIA _____

CÓDIGO POSTAL _____ TELÉFONO _____

EXPÓN:

Que informado da convocatoria para a selección de:

Traballador forestal.

Considera reunir os requisitos esixidos nas bases da dita convocatoria e achego a documentación precisa para isto; e polo que,

SOLICITA:

Ser admitido ao proceso de selección para a praza de.

Traballador forestal.

Monterrei _____ de _____ de 2022

Asdo. _____





CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 -- 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418002 - Fax 988 425700 - e-mail: concello@monterrei.es

ANEXO II: Modelo de declaración xurada

D./Dna....., con
DNI e domicilio
en....., declaro
que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non
estou incuso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na
lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servicio
de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios
das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial
para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou
escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso
do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de contratación de 2
traballadores forestais para o servizo “Brigada de Traballos forestais e do medio”, asino
esta declaración, baixo a miña responsabilidade, en Monterrei,.....de.....de 2022.

(Asinado polo/a interesado/a)

